



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA



MEMORIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE FORMACIÓN ENTRE A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA E O CONCELLO DE O PORRIÑO

Segundo establece a Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, da Academia Galega de Seguridade Pública (en adiante AGASP), este centro é un organismo autónomo de carácter administrativo adscrito á Consellería competente en materia de interior e xustiza, que ten as funcións de organizar e impartir os cursos de formación continua, perfeccionamento e especialización dos membros dos corpos da Policía Local e do persoal das emerxencias dos concellos de Galicia.

Conforme aos artigos 140 da Constitución Española e 11 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os municipios son entidades locais territoriais con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins.

A actualización de contidos e a especialización en determinadas materias propias do seu posto de traballo, é unha actividade fundamental e prioritaria para o persoal que traballa nos departamentos de xestión das emerxencias e da seguridade pública dos diferentes concellos de Galicia.

A posibilidade de realizar esta formación nas propias instalacións dos concellos, supón un aforro importante para a administración, xa non soamente polo que supón o evitar os desprazamentos dos alumnos á sede da AGASP na Estrada, senón a perda do tempo e continuidade nos servizos establecidos, polo que é mais doado e eficaz establecer formación especializada e enfocada a problemática propia de cada entidade, xunto co establecementos dunhas quendas compatibles co servizo activo.

Cada ano, son moitos os concellos que solicitan o establecemento deste tipo de convenios de colaboración coa AGASP, polo que se considera mais eficaz e eficiente a posibilidade de establecer un convenio tipo, favorecendo así a sinatura dos mesmos.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



En consecuencia, de acordo cos principios de eficacia e descentralización da actuación administrativa, a AGASP pretende coa sinatura destes convenios, acercar a formacións aos centros de traballos dos destinatarios cando se trate de accións formativas nas que non sexa indispensable o uso das instalacións da AGASP, e se poidan desenvolver fóra da súa sede con igual ou semellante resultado.

Así, en base o anteriormente mencionado e tendo en conta o esixido polo apartado segundo do artigo 11 da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, non é posible promover a concorrencia pública polas especiais características das actividades a desenvolver.

Non obstante, ao efecto de proceder a sinatura do correspondente convenio de colaboración, e con carácter previo solicítase informe da Asesoría Xurídica, segundo o disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

A Estrada, 15 de maio de 2015

O director xeral da AGASP

Luis Menor Pérez

